

No ano 1994 foi a primeira vez que estivemos en Cádiz. Este ano repetiremos itinerario en parte, xa que tamén aproveitaremos para visitar e disfrutar das marabillas da provincia de Cáceres.

Organizamos estas viaxes coa pretensión de coñecer e gozar das belezaas patrimoniais, culturais, paisaxísticas,... dos lugares por onde pasamos. Pero tamén queremos cultivar, porque o cremos importante e necesario, a convivencia e a amizade; de ahí que lles chamemos **vacacións-convivencia**. Trátase, en definitiva, de que resulten experiencias fermosas a base de compartir ilusión e admiración por todo o que descubrimos, nun clima de amizade, humor e alegría. Porque non cabe dúbida de que os momentos entrañables axudan a compartir o mellor de nós mesmos, e por iso resultan inolvidables. Estas vacacións son, como sempre, para os maiores, pero tamén poden participar outras persoas adultas que o desexen.

Itinerario

Saída ás **8 da mañá** de Samos o día **15 de abril**. Xantaremos no **“Valle del Jerte”**, famoso polas cereixas; e pernoctaremos en **Cáceres**.



O día **16**, seguimos o noso camiño cara Cádiz. En El Puerto de Santa María, na praia de Valdelagrana estableceremos o noso cuartel xeral. Será no



Visitaremos a catedral de **Cádiz**, pasearemos polas súas típicas rúas e fermosas prazas, contemplaremos as súas praias...



Tamén coñeceremos **Jerez de la Frontera**, a cidade con máis habitantes da provincia de Cádiz. Teremos ocasión de degustar os seus famosos viños. Poderemos disfrutar vendo bailar os cabalos andaluces...



El Puerto de Santa María, unha fermosa cidade situada na desembocadura do río Guadalete e a 20 km de Cádiz. O casco histórico cos seus monumentos, as bodegas e as praias fan dela unha pequena capital alegre



O día 20 deixaremos Cádiz para regresar a Cáceres. Antes visitaremos **Mérida**, unha das cidades máis brillantes do Imperio romano. Na actualidade é a capital de Extremadura.



O día 21, desde Cáceres, visitaremos o **Mosteiro de Guadalupe**, declarado patrimonio da humanidade.



Pola tarde coñeceremos a cidade de **Trujillo**, cuna de conquistadores.



Os que se animen a participar deberán inscribirse antes do día 1 de marzo

Vacacións Convivencia para os Maiores en Cáceres e Cádiz 15-22 de abril 2016

